



EXPTE N ° 720/2024

ASUNTO: Contratación do servizo “plan de comunicación e difusión”

Relacionado con subvención expte n° 745/2023 (Bioeconomía)

RESOLUCION DE ALCALDIA APROBACIÓN EXPEDIENTE

Julio Carlos Temes Pereira, alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín, a vista dos seguintes antecedentes:

- Orde TED/1014/2021 de 20 de setembro pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade FSP a grandes proxectos transformadores de índole científico-técnica para a promoción da bioeconomía e a contribución á transición ecolóxica, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2021; Orde TED/408/2023 de 24 de abril pola que se modifica á Orde TED/1014/2021 e se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023.
- Proxecto de transformación bioeconómica forestal en Nogueira de Ramuín mediante a recuperación do bosque envellecido para o seu adecuado aproveitamento presentado polo Concello de Nogueira de Ramuín en representación da agrupación integrada polo Centro de Investigación Louriná (Axencia Galega de Calidade Alimentaria), Asociación de Mulleres Rurais Ecos de Moura e Concello de Nogueira de Ramuín.
- Resolución de data 8/02/2024 da Dirección da Fundación biodiversidade FSP da convocatoria de subvencións para apoio a proxectos transformadores para promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e a contribución á transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generatio EU para o exercicio 2023 **pola que se concede a axuda de 1.426.622,95 €** ao “Proxecto de transformación bioeconómica forestal en Nogueira de Ramuín mediante a recuperación do bosque envellecido para o seu adecuado aproveitamento”(Código BF152)





CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Teléf.: Administración 988 20 10 23 - 988 20 18 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofic. Cultura 988 20 15 25
Fax 988 20 11 20 www.nogueiraderamuin.com Fax 988 20 18 15 - Estda. Nogueira, 3 - 32160 OURENSE

- *Resolución de data 15/04/2024 da Fundación Biodiversidad do Ministerio para a transición ecolóxica pola que se comunican as condicións de inicio de execución do proxecto e se acepta o orzamento definitivo:*

“sendo o coste total do proxecto de 1.501.708,37 e a aportación correspondente á Fundación Biodiversidade do 95% do orzamento efectivamente executado, sen que en ningún caso esta axuda poida superar a cantidade máxima de 1.426.622,95€”

Visto que dentro do plan de actuacións a executar está prevista:

ACCIÓN	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE
Acción 8	Plan de difusión. Plan de comunicación e sensibilización (Ficha descriptiva de acción)	
Contratación empresa externa	Subcontratación mediante procedemento aberto	150.942,72 €

Visto que resulta necesaria a prestación do servizo por unha empresa externa por falta de recursos persoais e materiais propios

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data
Providencia de Alcaldia	12/07/2024
Informe de intervención	12/07/2024
Informe de secretaria	12/07/2024
Memoria xustificativa	29/07/2024
Declaración de urxencia	15/07/2024
Informe xustificativo dos criterios de adjudicación	15/07/2024
Resolución de inicio de expediente	15/07/2024
Prego de prescripcións técnicas	23/07/2024
Prego de Cláusulas Administrativas	23/07/2024
Cadro de Características	29/07/2024

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

Tipo de contrato	Servizos
Obxecto do contrato	Plan de difusión: plan de comunicación e difusión do <i>Proxecto de transformación bioeconómica forestal en Nogueira de Ramuín mediante a recuperación do bosque envellecido para o seu adecuado aproveitamento.</i> 79341000 Servizos de publicidade; 79822500: Servizos de deseño gráfico
Tipo de tramitación	Urxente
Valor estimado do contrato	130.942,72 euros
IVE (21%)	27.497,97 euros
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	158.440,69 euros





Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 156, 119 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, Capítulo III, Título IV do Real Decreto Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se establecen medidas a aplicar nos expedientes que se financien con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia para contratación do **servizo de comunicación e sensibilización do "proxecto de transformación bioeconómica forestal en Nogueira de Ramuín mediante a recuperación do bosque envellecido para o seu adecuado aproveitamento"** financiado por medio da Fundación biodiversidade do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea Next Generation Eu, aprobado pola Resolución da Dirección da Fundación biodiversidade F.S.P., convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 414-641 do vixente orzamento municipal.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

